

VIII PROGRAMA DE VISITAS ESCOLARES 2008-2009

1 PROGRAMA ORDINARIO DE VISITAS

Educación infantil (3 e 4 anos) e Educación especial:

Para os mais cativos (3-4 anos), e os visitantes de educación especial realizaremos un pequeno taller-xogo de **30 - 40 minutos** de duración.

Aquí os participantes poderán descubrir dun xeito dinámico, as distintas formas, texturas e elementos que no seu conxunto forman as estruturas animais.

Para estes grupos a visita polo parque recomendamos que se realice de forma libre a cargo dos propios mestres do centro escolar de forma complementaria á actividade dirixida.

- Taxas por participante infantil no ano 2009.
- O prezo actual no ano 2008 é de 1,75 euros.
- Os mestres teñen a entrada gratuita (máximo 1/5 alumnos).
- Os centros escolares de Vigo teñen a entrada gratuita.

1,80 €

- Taxas por participante educación especial no ano 2009.
- O prezo actual no ano 2008 é de 1,50 euros.
- Os mestres, monitores ou cuidadores teñen a entrada gratuita.
- Os centros escolares de Vigo teñen a entrada gratuita.

1,55 €

Educación infantil (5 anos), primaria, secundaria e adultos:

Para estes colectivos propoñemos unha visita guiada con contidos adaptados ao nivel, necesidades e dispoñibilidade de cada grupo en función do horario dispoñible.

Dende **outubro a marzo e de xullo a setembro** a visita guiada será interactiva e terá unha duración de **90 minutos**. Aquí vos mostraremos as especies do zoo dun xeito dinámico durante o percorrido.

Os meses de **abril, maio e xuño** (*) a visita guiada será exclusivamente teórica e de **60 minutos** de duración, debido á alta demanda e afluencia existente nesas datas.

A visita será realizada dende o punto de vista da conservación das especies animais no ámbito dos zos, en particular, e da natureza en xeral.

- Taxas por participante no ano 2009.
- O prezo actual no ano 2008 é de 1,75 euros.
- Os mestres teñen a entrada gratuita (máximo 1/5 alumnos)
- Os centros escolares de Vigo teñen a entrada gratuita.

1,80 €



www.vigozoo.com
vigozoo@vigo.org

PROGRAMA "AULA NO ZOO" 2

Educación primaria, secundaria e ciclos formativos:

Máis de seis horas cheas de actividades, dende **outubro a marzo** de **11:00** ás **17:30** horas: Visitas guiadas, naturolab, exotarium, obradoiros, xogos e comidas incluídas.

O obxectivo final é a de completar o labor educativo realizado nos centros escolares desprazando por un día a toda a aula ao parque zoológico.

O tema principal da actividade é a divulgación e o coñecemento da conservación da biodiversidade dentro e fora das instalacións do parque.

Anímovos a chegar un pouco máis aló e participar nesta completa actividade deseñada para todos vós.

- Taxas por participante no ano 2009.
- O prezo actual no ano 2008 é de 10,30 euros.
- Os mestres teñen a entrada gratuita (1/20 alumnos).
- Comida incluída. (Para opcións de menús consultar).

10,75 €

(*) Horario das sesións nos meses de máxima afluencia de abril, maio e xuño: 10:00 / 11:30 / 13:00 / 15:00 / 16:30 / 18:00

(No resto do ano as sesións adaptaranse as necesidades do grupo)

Para participar nestas actividades (agás as dirixidas ao público xeral) é necesario realizar unha reserva telefónica previa (de 10:00 a 14:30 horas), alomenos cunha semana de antelación da data da visita.

Na reserva debera indicarse a hora e data solicitada, o nome do centro e do responsable, nº de teléfono de contacto, nº de participantes e acompañantes, nivel educativo, enderezo e C.I.F. da entidade, sendo confirmada por medio telemático.

A reserva realizarase por rigorosa orde de inscrición e sempre e cando exista dispoñibilidade de horario. Vigozoo ofertará outras horas ou datas alternativas cando a solicitada estea reservada por outro grupo.

As actividades realizaranse en grupos de 20 a 50 participantes por cada monitor en función da dispoñibilidade de monitores, sendo imprescindible que un adulto responsable acompañe sempre ao grupo.

Os contidos estarán adaptados a cada nivel educativo e terán un carácter ameno e temático sen perder a súa capacidade divulgativa.

En períodos de **alta afluencia** (nos meses de abril, maio e xuño) as visitas guiadas diminuirán na súa duración e contidos. Recomendamos realizar a visita fora destas meses para un mellor servizo durante a visita.

información e reservas: 986 26 77 83